

Expediente núm.: 623/2022

Procedemento: Actividades ou Cursos OMX (Organización ou Inscripción)

Interesado: _____

Data de iniciación: 10/04/2022

II Edición Campaña Penso logo existo en galego (2022). Concellería de Cultura

Trala finalización do prazo de participación na campaña "Penso logo existo en galego" as persoas admitidas a sorteo son:

Nome	Texto / Video	Rede Social
<p>Iker Lorenzo Castellano</p>	<p>O GALEGO</p> <p>Ao entrar no instituto, en primero da ESO, decateime que a gran maioría dos rapaces a penas empregaban a lingua galega fora das clases que se impartían en galego, eu incluído. Ao pasar os anos, influído polas miñas amizades comecei a falar galego fora do instituto, incluíndo na casa, xa que hasta 2º da ESO no 99% das veces falaba en castelán. Despois de que comezara a falar galego, moitos dos meus amigos tamén o fixeron. O uso da lingua galega nos xóvenes é unha parte fundamental na conservación do noso idioma e deberíase fomentar máis nas persoas novas.</p>	<p>FACEBOOK</p>
<p>Ana Laura González Rodríguez</p>	<p>A vida lévanos por moitos camiños....A xente vai pasando por nos, algúns quedan e outros vanse afastando.... Pero sempre deixaràn algo deles. Quizais os nosos camiños volveranse cruzar noutra época.....ou quen sabe.....</p> <p>Noutra vida. As veces....cando boto a vista atrás, non podo mais que agradecer todos os momentos fermosos. Tamén os houbo tristes..... Pero eses deben afastarse da nosa memoria. Para os que xa non están.... Para os que lnda poden voltar e para aqueles que están por vir.....</p> <p>Ata Pronto.</p>	<p>FACEBOOK</p>

<p>Manuel Lorenzo Galiñanes</p>	<p>A sociedade de hoxe en día non é capaz de asimilar aínda a idea de que unha teoría pode salvar a un país enteiro, e é así, xa que estou a falar da teoría keynesiana, formulada por John Maynard Keynes, un economista británico o cal defendía un sistema no que interviran á vez na economía o estado e o sector privado, xa que o capitalismo unicamente non cubre todo o emprego demandado, é dicir, el crearía un sistema mixto o cal axudaría a manter unha estabilidade nun país cunha taxa de paro moi baixa. Referindome a cando mencionei antes que puido salvar a un país, ben, pois falo da gran depresión ocorrida en estados unidos no 1929, no que gracias a estas teorías o presidente Roosevelt puido recuperar a economía mediante a intervención do estado. Que é o que quero dicir con isto? Que actualmente criticanse todos os sistemas xa que son desiguais para unha parte da sociedade, polo tanto unha solución a todos estes problemas sería basearse no que xa temos.</p>	<p>FACEBOOK</p>
<p>Mónica Galiñanes Castro.</p>	<p>Días de calor, máis propios do vran que dun maio loco que nos ten enganados e desenganados.</p> <p>Máis sempre podemos presumir de lugares tan bonitos, tan fresquiños, tan máxicos e illados.... E o ladiño da casa. Para pasear, para desconectar, para olvidarse das presas que non nos deixan respirar.</p> <p>Todo un pracer!!!, mágoa que non respetemos máis o noso entorno, esta natureza sabia que nos rodea e que nos beneficia, polo ben propio e dos que virán intentemos manter e mellorar esta riqueza que tanto nos aporta.</p>	<p>FACEBOOK</p>
<p>ILYAS ZITOUNI EL OUARARI</p>	<p>LOITA CONTRA UN MESMO</p> <p>Non podo deixar que o ego se apodere do meu ser, só teño que permitir que o meu ser envolva o ego para non ser alguén egoísta e egocéntrico. O que realmente son sempre o serei e o meu ser sempre terá máis forza, aínda que o outro opoña resistencia.</p> <p>Hoxe escollo o camiño da felicidade, centrarei en min mesmo e corraxirei os meus erros para nunca cometer o mesmo e no futuro serei alguén do que eu mesmo poida estar orgulloso.</p>	<p>FACEBOOK</p>
<p>Aitana Lorenzo Castellano</p>	<p>Eu levo desde que tiña dez anos empregando ordenadores portátiles como substitución aos libros de texto tradicionais, isto ten certas vantaxes, aínda que tamén os seus inconvenientes. Algunhas das vantaxes son que, como todo o contido dos temas está no ordenador non hai</p>	<p>FACEBOOK</p>

	<p>que levar tanto peso nas nosas mochilas e que non te podes equivocar en que libros levas cada día. Un inconveniente que ten é que a exposición constante dos ollos ás pantallas dixitais podería dañalos. Na miña opinión empregar os ordenadores en lugar dos libros é máis práctico.</p>	
Iria Garrido Escudero	<p>https://www.facebook.com/montse.escuderofernandez/videos/3187713121503076</p>	FACEBOOK
Sergio Domínguez Neira (2012)	<p>Pensem nas diferentes situacións que a vida nos presenta... tomemos consciencia sobre elas... ¿para qué vivimos!?</p> <p>Gústame o verde, gústame a praia, gústame os animais, gústame o cocido o domingo, gústanme as sobremesas infinitas. Disfruto do monte e os paseos que me regala. Gústame a miña familia, gústame un partido de brilé, gústame facerme o remolón polas mañans, gústame un solpor, gústame que chova polas noites e faga sol polo día, gústame bailar e cantar, gústame gañar unha partida de parchís. Moita xente non valora estas pequenas cousas. Tal vez vivir, sexa so iso, disfrutar dos pequenos praceres da vida.</p>	FACEBOOK
Nerea Álvarez Ocampo (10 ANOS)	<p>Quero ser nai, quero traballar, quero ser alta, quero ser forte, dicía eu, ao que miña nai respondía: "Xa medrarás filla, xa medrarás". O día do meu cumpre achegueime a miña nai e susurreille: "Non quero medrar". Esa mesma noite empecei a chorar, tiven unha charla cos meus pais, díxenlles que non quería medrar e perdelos, que xa non estivesen conmigo, eles dixeron que sempre estarían conmigo medrase o que medrase e que sempre sería a súa e só súa pequerrechiña.</p>	FACEBOOK
Antón Garrido Escudero	<p>Pois xa estamos a voltas outra vez con outro virus, e esta vez, un virus propio dos meus animais favoritos, a variola do mono. Ata agora só se diron casos en África, pero últimamente estase expandindo por todo o mundo, e xa se detectaron casos en España. Eu pregúntome que pasa agora cos virus, que pasan dos animais aos humanos. Será unha arma de vinganza da natureza para avisarnos que nos estamos portando moi mal con ela? Ou serán as empresas farmacéuticas que os botan para vender as súas vacinas e facerse de ouro? Eu xa non sei que pensar.....</p>	FACEBOOK
Fiz Garrido Escudero	<p>Ola, eu son Fiz e hoxe veño a reflexionar sobre o uso das novas tecnoloxías aplicadas a medicina e bioloxía</p>	INSTAGRAM

	<p>profesionalmente. Por exemplo, é ética a modificación xenética en humanos? Pois esas cuestións corren a cargo da bioética e os principios asentados en base a esta.</p> <p>Desde o meu punto de vista, os principios bioéticos máis importantes á hora de actuar son o de xustiza e o de non maleficencia xa que buscan diminuír as situacións de desigualdade na sociedade e rexeitan os actos que poidan causar dano ou perxudicar.</p> <p>A sociedade debe chegar a un acordo colectivo sen ningún tipo de exclusión para determinar que tipo de avances tecnolóxicos son realmente éticos. Necesitamos unha constante regulación dos avances como a modificación xenética para asegurar a estabilidade do ser humano, xa que esta en concreto pode ser utilizada cun carácter bélico recurrido a clonación ou mellorar as características humanas de forma non natural.</p> <p>Gracias ao compromiso dos científicos, actualmente estes avances aplícanse en outros ámbitos como poden ser o desenvolvemento de medicinas ou a modificación dos seres vivos para mellorar as súas características productivas na gandeiría e agricultura.</p> <p>Como conclusión final, os avances tecnolóxicos como a modificación xenética poden chegar a ser un arma letal de dobre fi.</p>	
<p>Matías Meisegeier Pérez</p>	<p>https://www.instagram.com/p/Cd3oaxXgLFu/</p>	<p>INSTAGRAM</p>

O sorteo realizarase este **mércres 1 de xuño ás 12:30 h na Casa do Concello** seguindo o seguinte procedemento:

- Comezarase por introducir todos os nomes das persoas que participaron dentro da urna correspondente. Iranse sacando os papeis en función do número de premios. Sacaranse 6 nomes e a maiores outros 6 que formarán parte da lista de agarda por si algunha das persoas gañadoras non cumpre os requisitos de idade ou de identidade
- O procedemento de sorteo farase en presenza de empregados/as públicos do Concello de Soutomaior que garantan a transparencia do resultado da campaña e como proba disto emitirase unha acta ao finalizar asinada por todas as persoas presentes cuxo resultado será inalterable.
- Posteriormente, emitirase unha comunicación de validez para cada persoa gañadora e entregarse para que acudan a recoller o seu premio.
- Todo o proceso de sorteo gravarase en directo e estará colgado na Web e

redes sociais do Concello para que se poida consultar o proceso.

- Establécese un prazo de tres (3) días naturais desde a data do sorteo, para efectuar calquera reclamación motivada e de ser o caso de presenten as alegacións oportunas. Pasado este prazo a acta elevarase a definitiva as persoas gañadoras poranse en contacto coa OMIX para que no prazo máximo de cinco días naturais (5 días) presenten o seu DNI (NIE ou documento que acredite a súa identidade) co fin tamén de cotexar que non se suplantan identidades nin se aportan datos falsos. Si todo está correcto citaráselles para que recollan o seu premio. Se non se presenta a documentación en prazo o Concello de Soutomaior resérvase o dereito de entregar os premios ás seguintes persoas da lista de suplentes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE